



REVISTA DE ECONOMIA

N.º 10 Prezo: 500 Ptas.

Edita:

uniproeditorial.s.a

Pi i Margal, 72 - baixo
Teléf. (986) 29 94 48
Fax (986) 20 56 04
Apdo. de Correos, 1331
36202 VIGO

Presidente:

Anxo Ferreira Iglesias

Conselleiro delegado:

León Barros Suárez

Director:

Alfonso Rivas Fraga

Consello Asesor:

Xosé M. Espino Pérez
Xosé M.ª Fonseca Moretón
Lino González Castiñeiras
Claudio López Garrido
Francisco X. López Corrales
Manuel Raxo López
M.ª Xosé Sotelo Villar

Deseño Portada:

Xosé M.ª Torné

Publicidade:

Alba Alonso Torreiro

Impresión:

Gráficas Anduriña
A Barca, 42 - Poio (Pontevedra)

Depósito Legal: Vigo - 146/89

ISSN: 0214 - 4646

Membro da
**asociación española
de prensa técnica**
Sección española da
Federación Internacional
da Prensa Periódica



XANEIRO - FEBREIRO - MARZAL - ABRIL 1990


Análise Empresarial non se identifica necesariamente cos artigos publicados nas súas páxinas, respetando a independencia dos seus autores. Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedencia.

SUMARIO

O empresario galego e a cultura empresarial no cambio de século. <i>Miguel Anxo Pérez Pérez</i>	7
A empresa ante o comenzo dunha nova era. <i>X. Ignacio Moure González</i>	11
A entrada de tecnoloxía estranxeira en Galicia. <i>Antonio Doval Adán</i>	15
Emprego, periferia e multinacionais na industria do automóvil. O caso de Citroën Hispania (1980-1988). (Parte segunda). <i>Joaquim Fernández Leiceaga</i>	21
Un proxecto de Banco Público Galego: O "Instituto de Crédito Galego". <i>Xosé Manuel Beiras</i>	31
A agricultura, vítima do seu éxito? <i>Cláudio López Garrido</i>	37
Pesca Galega - Comunidade Europea ¿nova crise? <i>M.ª do Carme García Negro</i>	45
Reparto de custos na planificación da loita contra dos incendios forestais. <i>Xosé Lois Quiñoa López</i>	51
As augardentes de Galicia: Presente e futuro. <i>Ignacio Orriols Fernández</i>	57
Interrogacións e margens de progreso da experiencia de cooperación entre a Galiza e o norte de Portugal. <i>Antonio Manuel Figueiredo</i>	59
O Feder, unha aproximazon a quince anos de Política Rexional Comunitaria. <i>Gustavo Rego Veiga y Juan Ramón Doldán García</i>	67
Rendabilización dos recursos comunicacionais na pequena e mediana empresa. <i>Xosé María Torné</i>	71
Orixe da auditoría informática. <i>Marina Touriño</i>	75
Introducción á informática II. Representación da Información. <i>X. Taboada</i>	76
A nova lei española de marcas. <i>Francisco Hernández Rodríguez</i>	81
Aspectos contables da adaptación da nosa lexislación mercantil á normativa comunitaria en materia de sociedades. <i>María Isabel Blanco Dopico</i>	85
A tributación dos dereitos de suscripción preferente. <i>Antonio López Díaz</i>	95
Imposto sobre sucesións e doazóns (II). <i>Francisco Xabier Loscos Sieso</i>	101
Causas da sinistralidade laboral nas grandes obras. <i>X. Luis Galván de Granda</i>	107
Corrupción en España. <i>Edward Cody</i>	111
A noite da democracia. <i>Tom Paine</i>	111
Libros e Revistas.	112
Índice sistemático de artigos e autores ate o n.º 10	121

Innovación industrial e dependencia tecnolóxica de España

Antonio Doval Adán
Dpto. de Xeografía
Universidade de Santiago



Atópase no mercado un completo e exhaustivo estudio titulado "Innovación industrial e dependencia tecnolóxica de España", elaborado por dous prestixiosos especialistas da Universidade Complutense de Madrid. Neste libro de 312 páxinas, editado por Eudema Universidad, os autores, Miguel Buesa e José Molero Zayas, analizan as

condicións en que se produce a innovación industrial a partires das tecnoloxías importadas, adentrándose nas causas e factores que favorecen a importación de tecnoloxía estranxeira.

A complexidade do mundo da investigación, especificando cada unha das institucións existentes no territorio español que interveñen, de maneira directa ou indirecta, no proceso de xeración de innovacións, ocupa un sitio importante nesta obra. En efecto, a innovación desenrólase a través dun complexo entramado de actuacións de investigación por parte das empresas privadas e institucións do sector público en combinación coa importación de tecnoloxía foránea.

Os autores expoñen de forma rigurosa o marco institucional que afecta a importación de tecnoloxía, comentando, con espírito crítico, as medidas de fomento da investigación científica e o control establecido polo Goberno sobre a compra de tecnoloxía estranxeira. Este análise, feito a nivel nacional, complementábase, máis adiante, coa referencia á experiencia internacional levada a cabo en materia de control de transferencia de tecnoloxía, así como os traballos desenrolados pola UNCTAD nesta materia. Nesta liña, fan un comentario crítico sobre o

Libros e Revistas

sistema español de control do comercio exterior de tecnoloxía de dobre uso e a súa conexión coa política norteamericana neste sector.

De maneira descriptiva, con abundantes cadros de datos e cun análise crítico, o libro recolle, en seis estudos monográficos, varios temas específicos, destacando, entre outros, a situación tecnolóxica da industria electrónica, o estado de difusión das tecnoloxías da información e o papel das empresas de inxeñería na innovación industrial. Especial atención merece o capítulo adicado ó papel das empresas de inxeñería e organización na innovación industrial. Neste tipo de empresas, según indican os autores, a presenza do capital foráneo e moi forte ó utilizar de forma máxima tecnoloxía estranxeira, principalmente os grupos máis importantes.

O libro remata, por último, cunha serie de propostas concretas de actuación no eido empresarial e nas liñas básicas que debería seguir a política económica do noso país, coa finalidade de contribuir á superación do atraso tecnolóxico e científico que padece España.

En suma, trátase dun estudio riguroso que pon de relevo, unha vez máis, a dependencia tecnolóxica de España e a debilidade innovadora do conxunto empresarial español.

**Talleres
AUXINAVAL, S.L.**

CONSTRUCCION E REPARACION DE BUQUES

Calderería • Tubería • Oxicorte
Aire Acondicionado e Ventilación

Camión do Caramuxo, 73
Teléfono 23 15 39 — Fax 20 39 11 — **VIGO**